

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3º e 4º de ESO - CURSO 2023-2024

### EN CADA UNHA DAS TRES AVALIACIÓNS

- a) Realizaranse dúas probas escritas. Calcularase a nota media das dúas probas. **Valor: 60%.**
  
- b) Revisión dos cadernos que recollen o traballo diario na aula e propostos para a casa. Comprobarase se están completos, se se realizaron as tarefas propostas, recollidas de anotacións sobre explicacións que se realizaron por parte do profesor/a na aula, etc. Valorarase a organización dos contidos, presentación, orde e grao de corrección lingüística. **Valor 10%.**
  
- c) Observación do traballo diario na aula. Interese, atención, grao de realización das tarefas propostas, participación etc. **Valor 20%**
  
- d) Libro de lectura obrigatoria. En cada avaliación será obrigatorio ler un libro proposto polo profesor/a. Pode ser que haxa unha proba escrita sobre o libro ou ben que teñan que facer un traballo sobre o mesmo. En calquera caso o valor deste apartado será do **10%**

Nas probas escritas que se realicen e nas tarefas diarias, terase en conta o grao de corrección lingüística. Penalizaranse os erros gramaticais: ortográficos, morfolóxicos, léxicos, sintácticos e expresión. Cada tres erros deste tipo suporán un desconto de 0,25 aplicado sobre a nota total da proba.

Unha vez calculados estes apartados, se a nota resultante é igual ou superior a 5 o alumno/a superará a avaliación.

### AVALIACIÓN ORDINARIA XUÑO

Nas avaliacións sucesivas esixiranse os contidos impartidos e estudados nas anteriores avaliacións. Unha vez rematada a terceira avaliación; para obter o resultado numérico da avaliación ordinaria calcularase a media das tres avaliacións. Se é igual ou superior a 5, o alumno/a superará a materia con esa mesma nota na avaliación ordinaria. Se a nota media das tres avaliacións é inferior a 5, o alumnado terá que realizar a mediados de xuño unha proba de recuperación das avaliacións non superadas. Se o alumno/a supera esta proba, aprobará a materia na avaliación ordinaria; do contrario, pasará ao curso seguinte con ela pendente.

## **ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR**

O alumnado coa materia pendente do curso anterior será seguido polo profesor/a que imparta clase da mesma materia no curso do que forma parte o alumno.

Se o alumno/a supera a 1ª e 2ª avaliación do curso actual que lle corresponde, automaticamente aprobará a materia pendente do curso anterior. En caso contrario, o alumnado terá que presentarse á proba de recuperación de pendentes que terá lugar a finais do mes de maio (aproximadamente). Antes da realización desta proba e ao longo do curso, o profesor/a que imparta clase no curso do que forma parte o/a alumno/a facilitarlle materiais, asesoramento e axuda para a superación da mesma.

## **ALUMNADO EXENTO NA MATERIA DE LINGUA GALEGA**

O alumnado exento será avaliado seguindo os mesmos procedementos establecidos anteriormente coa diferenza de que os contidos programados serán adaptados ao seu nivel, o mesmo ocorrerá coas probas que realicen.

En caso de apreciarse un abandono da materia, a non realización das probas e tarefas propostas, desinterese e falta de evolución e progreso ao longo do curso; unha vez advertido este abandono en cada unha das avaliacións realizadas, de ser este reiterado ao longo do curso será obxecto de denegación da exención tal e como determine a lexislación ao respecto.